

DOMINGO IV DE CORESMA (C)

PRIMEIRA LECTURA Xos 5, 9a. 10-12

Lectura do libro de Xosué

Naqueles días, díxolle o Señor a Xosué: - "Hoxe quiteivos de enriba o oprobio de Exipto". Os fillos de Israel acamparon en Guilgal e celebraron a Pascua no décimo cuarto día do mes, polo serán, nas chairas de Iericó. No día seguinte á Pascua, comeron dos produtos do país: bolos ácimos e espigas torradas, no mesmo día. E, ó día seguinte de comeren do froito da terra, cesou o maná, e en adiante xa non houbo maná para os fillos de Israel: aquel ano comeron do produto da terra de Canaán.

SALMO RESPONSORIAL Sal 33, 2-3. 4-5. 6-7

R/. (9a): Probade e vede o bo que é o Señor.

Bendigo o Señor en todo instante,
teño sempre na boca a súa loanza.
Eu gloriome no Señor:
que escoiten os humildes e se alegren.

Exaltade comigo o Señor,
loemos xuntos o seu nome.
Eu busquei o Señor, El respondeume,
libroume de tódolos temores.

Contempládeo, e quedaredes radiantes,
os vosos rostros non os cubrirá a vergonza.
Este pobre clamou, e o Señor escoitouno,
librouno de tódolos apuros.

SEGUNDA LECTURA 2 Cor 5, 17-21

Lectura da segunda carta do Apóstolo San Paulo ós Corintios

Irmáns: Quen estea en Cristo é unha criatura nova: o que era vello, pasou. Velaí unha realidade nova. E todo iso provén de Deus que nos reconciliou consigo por medio de

Cristo e nos encomendou o servicio da reconciliación. Pois Deus estaba en Cristo reconciliando o mundo consigo, non levando conta dos delictos dos homes e poñendo en nós a mensaxe da reconciliación. Somos, logo, embaixadores de Cristo, coma se Deus vos exhortase por medio noso. Pedímovolo por Cristo: deixádevos reconciliar con Deus. A aquel que non tiña nada que ver co pecado, Deus fixoo pecado por nós, para que nós nos volvesemos nel xustiza de Deus.

EVANXEO Lc 15, 1-3. 11-32

Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas

Naquel tempo, os publicanos e pecadores achegábanse a Xesús para o escoitaren. Por iso os fariseos e letrados murmuraban: - Este acolle os pecadores e come con eles. Entón Xesús contoulles esta parábola: - Un home tiña dous fillos. O máis novo díxolle ó pai: "Papá, dáme a parte da herdanza que me corresponde". El repartiulle-los seus bens. Días despois, este fillo recibiu todo xunto e marchou para un país remoto, onde malgastou a súa fortuna vivindo coma un perdido. Despois de o gastar todo, houbo unha gran fame naquela terra, e empezou a pasar necesidade. Entón, acudindo a un natural do país, entrou a servir, e mandouno a unha granxa a coida-los porcos. Alí chegou a ter gana de enche-lo estómago coas landras que comían os porcos, pero ninguén llas daba. Recapacitando, pensou: "¡Hai que ver! Cantos xornaleiros do meu pai teñen pan a fartar, e eu morro coa fame. Si, vou volver á de meu pai e voulle dicir: Papá, pequei contra o ceo e contra ti; xa non son digno de que me trates coma un fillo, trátame coma un xornaleiro".

Levantouse e volveu onda seu pai. Aínda estaba lonxe cando este, enxergándoo, saíu emocionado a recibilo, e botádoselle nos brazos, bicouno agarimosamente. O fillo exclamou: "Papá, pequei contra o ceo e contra ti, xa non son digno de que me trates coma un fillo". Pero o pai díxolles ós seus criados: "Axiña, sacade a túnica mellor e vestídella; poñédelle un anel na man e calzado nos pés.

Prepárate un cuxo cebado para comelo e facer unha gran festa. Porque este fillo meu estaba morto e volve á vida, estaba perdido e atopámolo". E empezou a festa. Pero resulta que o fillo máis vello estaba na leira e cando viña para casa, oíu a música e mailo baile. Chamou por un criado e preguntoulle que pasaba. O criado contestoulle: "Éche que volveu teu irmán, e teu pai mandou mata-lo cuxo cebado por recuperalo san e salvo". Entón alporizouse moito, e non quería entrar.

Pero o pai, saíndo, intentouno convencer. El díxolle: "Tantos anos como levo servíndote sen che faltar nunca en nada, e nunca un cabrito me deches para troulear cos meus amigos; e agora resulta que vén ese teu fillo, que queimou os teus bens con mulleres de mala vida, e máta-lo cuxo cebado". O pai contestoulle: "Meu fillo, ti sempre estás comigo e todo o meu é teu, ¿que menos que celebrar unha festa cheos de alegría, xa que ese teu irmán estaba morto e volve á vida, estaba perdido e atopámolo?".